



**NOTA PRENSA
VALORACIÓN DOS SOCIALISTAS DE TEO
DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 14/06/12**

O Pleno Extraordinario celebrado o día 14 de xuño tivo como único punto da orde do día, **a modificación á alza da operación de endebedamento vinculada ao plan de axuste 2012-2022 para o pagamento de facturas pendentes a provedores**, conforme ao Real Decreto Lei 4/2012, do 26 de febreiro.

Lembremos que en data 15 de marzo de 2012, o Concello de Teo enviou unha relación de facturas pendentes de pagar a provedores, facturas anteriores ao 31/12/2011, por unha contía total de 1.531.705,62 euros.

Tras diversos axustes, no Pleno ordinario de marzo de 2012 aprobouse, só cos votos a favor do equipo de goberno e o voto de calidade do Alcalde, un Plan de axuste vinculado a unha operación de endebedamento por 1.320.000 euros, co fin de facer fronte ao pagamento destas facturas.

En data 11 de maio, unha vez aprobado o Plan de axuste polo Ministerio de Facenda, por Resolución de Alcaldía aprobouse a operación de préstamo por un importe de 826.412,43 euros, imposte xustificado en que non todos os provedores amosaran a súa vontade de acudir a este procedemento de pago.

Agora, un mes despois desta Resolución de Alcaldía, e polas novas manifestacións dos provedores, **a operación total de préstamo ascende finalmente a 1.285.981,77 euros, case 214 millóns das antigas pesetas**, un importe por enriba do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, e así, polo tanto, operación que debe ser aprobada polo Pleno.

Con tal motivo, celebrouse un **Pleno extraordinario hoxe, 14 de xuño, ás 9 horas, onde a operación de crédito aprobouse cos votos a favor do equipo de goberno, e as abstencións do resto dos partidos políticos con representación no Concello.**

A abstención da concelleira Uxía Lemus foi coherente coa posición mantida no Pleno de marzo de 2012 con relación ao Plan de Axuste. **Amosando a súa desaprobación sobre as medidas incluídas neste Plan, centradas principalmente nun aumento dos ingresos a través dunha inaudita suba de taxas e impostos, Lemus entende que deixar aos provedores sen cobrar o que lexitimamente lles corresponde non é a solución.**

Polo tanto, á crítica a un plan de axuste, ligado a un plan de saneamento, centrados en aumentar a presión tributaria sobre a cidadanía teense, mentres se conxela parte da oferta pública de emprego, as inversións ou as subvencións, únese á **responsabilidade que deben ter todos os integrantes nunha corporación cando hai facturas sen pagar a pequenas e medianas empresas, como consecuencia da nefasta xestión económica do equipo de goberno, con Martiño Noriega ao fronte, vendo os datos oficiais dos anos 2010-2011.**



Polo tanto, a abstención dos Socialistas de Teo amosa a súa responsabilidade, ao igual que a do resto dos partidos da oposición, ante a aprobación dunha operación de crédito que, ademais, **de non ser aprobada podería provocar unha maior asfixia do Concello**, incluídos problemas para o pagamento das nóminas aos traballadores e traballadoras do Concello, como se observou noutras administracións locais.

Coa nova operación de endebedamento, e tendo en conta os datos oficiais proporcionados polo Concello, **A DÉBEDA BANCARIA DO CONCELLO DE TEO ASCENDERÁ A MAIS DE 3.089.000 EUROS, CUN AUMENTO DUN 64% DESDE O ANO 2010 (cando no ano 2007 ascendía a 2.928.310,07 euros).**

Por outro lado, o PSdeG de Teo quere amosar o seu apoio ás negociacións dos concellos da comarca para a consecución dun parque comarcal de bombeiros, coñecendo as dificultades do tema, co fracaso dos intentos pasados de comarcalización do servizo.

Un dos obxectivos primordiais do Concello de Teo, o seu crecemento ata superar os 20.000 habitantes, significa tamén un aumento das competencias obrigatorias a prestar polo Concello, conforme a normativa estatal, incluíndo a prevención e extinción de incendios, así como protección civil.

Valorando moi positivamente o traballo exercido polos servizos de protección civil do Concello neste tema, os Socialistas de Teo amosamos o noso apoio a unha comarcalización do servizo, que permitiría que mellorase un servizo fundamental para o Concello de Teo, desgraciadamente moi afectado tradicionalmente polos incendios forestais.

Teo, 14 de xuño de 2012.

UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA
CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE NO CONCELLO DE TEO